

ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A URXENCIA PARA INICIAR AS OBRAS DE MANTEMENTO E INSONORIZACIÓN DOS LOCAIS DE ENSAIO DO CENTRO XOVE DA ALMÁCIGA

Os locais de ensaio do Centro Xove da Almáciga seguen sen estar a disposición da mocidade de Compostela. No pasado mandato iniciouse o acondicionamento deste espazo, co obxectivo de favorecer a creación musical das bandas e grupos composteláns, e atendendo a unha demanda histórica da mocidade que agarda para trasladarse a un espazo municipal suficientemente dotado para acoller ensaios e gravacións musicais en condicións óptimas que favorezan boas prácticas no eido da creación musical.

Tres salas, un estudo de gravación e un almacén para coidado de material agardan pola finalización das obras de insonorización e polo impulso para abrir os locais municipais a un abano creativo amplo e diverso de proxectos musicais impulsados pola mocidade que segue a nutrir Compostela como territorio musical.


Despois de visitar os locais de ensaio e coñecer *in situ* dan man do persoal técnico do departamento da existencia dunha nova circunstancia engadida -a inundación das instalacións que provocou numerosos desperfectos na carpintería e no chan dos locais- e, despois de coñecer a reversibilidade do problema coas medicións de gas radón subsanables, a través dunha obra de ventilación, que debe abordarse de forma simultánea ás obras de insonorización pendentes no lugar.

Tendo en conta todo o anterior e as demandas continuadas dos colectivos musicais de xente moza para acceder aos novos locais, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta o seguinte:


SOLICITA:

- Que se inicien coa máxima urxencia as obras de mantemento, insonorización e ventilación para conseguir a apertura próxima dos locais de ensaio do Centro Xove da Almáciga.


Santiago de Compostela, 12 de novembro do 2019



Branca Petra Novo Rey
Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



COMPOSTELA
ABERTA



GRUPO MUNICIPAL